

Olalla López Costas

Nada en Vigo, coa alma viguesa dividida entre os pobos de Remesar en Lugo e Mondariz, Olalla López Costas comezou a traballar en arqueoloxía aos 17 anos en varios xacementos do centro de Portugal. Licenciada en Bioloxía en 2006 pola Universidade de Granada onde tamén fixo o master de Antropoloxía Física e Forense, doutorouse en 2012 pola facultade de Medicina da mesma universidade cun traballo sobre a antropoloxía física de poboacións romanas e medievais de Galicia. A súa tese recibiu o premio de Investigación en Humanidades da Deputación de Pontevedra en 2013. Fixo estadias predoutorais e postdoutorais no Reino Unido, Holanda, Australia, Suecia e Estados Unidos.

Dende 2007 forma parte da Universidade de Santiago de Compostela primeiro a través da FPU, Juan de la Cierva, I2C-A-B Posdoutoral da Xunta, investigadora JIN e a actual Ramón y Cajal. Traballou en xacementos arqueolóxicos de Grecia, Cuba, Malta, e en varias áreas de España e Portugal. Dende 2015 é investigadora asociada do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Estocolmo en Suecia onde imparte docencia regularmente. Dende o 2019 lidera un proxecto do Plan Nacional sobre contaminación no mundo romano e no 2020 foi galardoada cunha beca [Leonardo](#) da fundación BBVA para coñecer o impacto das enfermidades infecciosas no período medieval.

É especialista en arqueoloxía científica de contextos funerarios, especialmente coñecendo a contaminación, dieta, mobilidade e enfermidades do pasado a través do estudo de restos humanos arqueolóxicos. Tamén ten colaborado en estudos paleoambientais de Suecia (Store Mosse) e o suroeste de Australia (Centro de ciencias mariñas da Edith Cowan U en Perth). É coordinadora do grupo [EcoPast](#) e lidera a recentemente creada unidade de Bioarqueoloxía ambiental (Environmental Bioarchaeology) no CRETUS.

Na convocatoria do 2022, Olalla acadou unha **ERC Consolidator Grant**, para levar a cabo o proxecto **PollutedPast**. Cunha dotación económica de 2 M€ e unha duración de cinco anos, PollutedPast aborda a contaminación ambiental por metais nos períodos romano e medieval en Europa a través de estudos en necrópoles da Península Ibérica e Escandinavia. O proxecto pretende coñecer o impacto desta contaminación preindustrial nos seres humanos e as consecuencias na saúde, sobre todo dos grupos de poboación máis fráxiles como os recen nados ou os enfermos crónicos. O proxecto está abalado por unha metodoloxía innovadora que permite, por primeira vez, coñecer as fontes de paleocontaminación de metais como mercurio, chumbo ou arsénico. Este coñecemento empregarase para mellorar o noso futuro a través da adaptación das políticas de contaminación e a concienciación social.